

La Corte de Faraón

Vicente Lleó



Amigos
de la Ópera
de Vigo

otoño lírico 2014

8 novembro/14

Teatro Sala de Concertos Afundación
20:30 horas. Vigo

+ info:

www.amigosoperavigo.com

Confianza e compromiso coa sociedade

Nacemos fai máis de **15 anos en Vigo** cunha misión: construír cos nosos clientes **solucións e experiencias** vinculadas á **formación** que, de forma eficiente, faciliten o desenvolvemento e o crecemento de persoas e organizacións.

Esta misión guía a nosa forma de facer as cousas, xerando **empregabilidade**, ofrecendo servizos adecuados ás necesidades das organizacións, traballando pola **excelencia e a calidade** e desenvolvendo a nosa actividade demostrando o noso **compromiso coas persoas**.

En **Grupo Femxa** entendemos o noso **compromiso coa sociedade** non como un deber ou unha estratexia deseñada de responsabilidade social, senón como algo propio na nosa orixe e desenvolvemento, é a nosa esencia.



Somos a **Primeira** empresa galega en
obter a **Certificación EFQM 500+**



Amigos de la Ópera de Vigo

Presenta:

La Corte de Faraón

Vicente Lleó

TEMPADA AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO
OUTONO LÍRICO 2014
ORGANIZA: AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO

Xunta Directiva

Presidente: Pedro Pablo Gutiérrez González.

Vicepresidente: Daniel Diz Portela.

Secretario: Isabel Ávila Terzi.

Tesoureiro: José Grobas Montenegro.

Vogais:

Emilia Díaz Fernández.

Marina Inés Linares Cuerpo.

Daniel Álvarez Vázquez.

PATROCINAN:

CONCELLO DE VIGO

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

XUNTA DE GALICIA

COLABORAN:

ABANCA

UNIVERSIDADE DE VIGO

MECENADO:

GRUPO FEMXA

MÁS COCINA

Imaxe creativa e publicidade: IdeasPropias Publicidad S.L.

Dirección artística: Daniel Diz Portela

Mais Información: www.amigosoperavigo.com



Zarzuela con música de Vicente Lleó e libro de Guillermo Perrín e Miguel de Palacios.

Estreada no Teatro Eslava de Madrid o 21 de xaneiro de 1910.

CASTO JOSE	CARLOS CROOKE
LOTA	HEVILA CARDEÑA
PUTIFAR	JUAN CARLOS BARONA
FARAONA	CARMEN APARICIO
FARAÓN	PACO RACIONERO
ARIKON	PEPE CARRASCO
SHUL (BABILÓNICA)	ALICIA MONTESQUIU
COPERO	ALEJANDRO RULL
SETI	ÁNGEL WALTER
SHELA	DIEGO FALCÓN
RAQUEL	MELISA DE LAS HERAS
GRAN SACERDOTE	EDGAR MILLÁN
VIUDA 1ª	AKEMY ALONSO
VIUDA 2ª	YOLANDA GONZALEZ
VIUDA 3ª	ANGELES MAROTO
BALLET (3 BAILARINAS) CRISTINA GUADAÑO	
CORO TITULAR DE LA COMPAÑÍA	
ORQUESTA TITULAR DE LA COMPAÑÍA	

VERSIÓN DE LORENZO MONCLOA E CÉSAR BELDA
DIRECCIÓN ESCÉNICA – LORENZO MONCLOA
DIRECCIÓN MUSICAL – ENRIQUE GARCÍA REQUENA

FICHA TÉCNICA

REXEDOR: NARCISO TENORIO
XEFE TÉCNICO: ALESDANDRO DOCARMO
DECORADOS: READECOR
MAQUINISTA: MARIANO LÓPEZ
DESEÑO DE VESTIARIO: N. GUTIÉRREZ
VESTIARIO: NIEVES F. DE SEVILLA
XASTRERÍA: MARIEL BOVE , REMY FONTANILLAS, DIANA MERINO
ATREZZO: MATEOS
ATTREZZISTA: ESPERANZA RUÍZ
AUTOCARES: SALAS
TRANSPORTE: JOSE MARÍA HERNÁNDEZ
COROS: ALEX GUILLÉN
DIRECTORES DE ORQUESTRA: LUIS MUÑOZ E ÓSCAR SANFELIX
XESTORÍA: GURIDI, S.L.
PRODUCCIONES NIEVES FERNANDEZ DE SEVILLA, S.L.

La Corte de Faraón

outono lírico 2014

La corte de Faraón é unha zarzuela denominada «opereta bíblica» nun acto e cinco cadros. Estreouse en Madrid no Teatro Eslava o 21 de xaneiro de 1910, con libreto de Guillermo Perrín e Miguel de Palacios e música de Vicente Lleó. É unha especie de zarzuela onde se mesturan elementos de opereta, zarzuela, revista, e mesmo cuplé. Está encadrada dentro do xénero denominado "sicalíptico", o cal é famoso polos seus diálogos cheos de insinuacións e connotacións sexuais, cancións de aroma picante e enredos de corte vodevilesco, que estivo de moda durante o primeiro terzo do século XX.[1] Esta obra é de carácter humorístico, está ambientada en Exipto e as súas referencias musicais convértena nalgúns momentos nunha parodia de Aida de Verdi.

En 2007, o escritor Pedro Villora editou o libro Teatro frívolo (Editorial Fundamentos), onde aparece Las Leandras xunto a El novo Telémaco e La corte de Faraón.



A acción sitúase en Exipto, durante a época dos faraóns.

Acto único

Cadro I. Ritorna vinctior

Na praza de Menfis, no Exipto faraónico, o Faraón e a súa esposa esperan a chegada do vitorioso xeneral Putifar para facerlle entrega da bela Barbada, a súa prometida, para casar. O pobo aclama a súa chegada, o xeneral queda impresionado da beleza da súa esposa, pero laméntase da ferida de guerra producida por unha frecha, que o imposibilita para cumprir os seus deberes de esposo. Tras a cerimonia, aparecen tres ismaelitas que levan un escravo, Xosé, o cal, envexado polos seus irmáns polos seus dons, e vendido ao xeneral, que llo ofrece a Barbada como regalo de vodas. Ela ao velo recoñece o escravo que viu por casualidade "no traxe de Adán" e queda namorada ao instante del.

Cadro II. A capa de Xosé

Na cámara de Barbada, no pazo de Putifar, repousa a esposa e divírtese coas cancións das súas escravas. Entran tres viúvas, as cales, como manda a tradición, lle dan consellos á noiva na noite de vodas. Chega Putifar e Lota trata de seducilo, pero este resístese ata que soan os claríns, que o chaman á guerra e parte rapidamente. Lota queda acalorada e en compañía de Xosé, ao cal trata de seducir, pero este resístese e Barbada nun forcexo arráncalle a capa. Chama os gardas e préndeno baixo a acusación de violación, polo que será levado ante o Faraón para que sexa executado.

Cadro III. De capa caída

No pazo do Faraón, nunha das salas, o Faraón, a Raiña e o seu Copeiro celebran unha pequena festa, onde emborrachan o soberano e lle ofrecen os cantos das belas babilónicas, onde unha delas, Shul, entoa os seus famosos "cuplés babilónicos". Chega entón Lota pedindo xustiza, o Faraón delega na Raiña e marcha. Esta exponlle o caso e fai entrar a Xosé, a Raiña namórase tamén del. Prodúcese unha discusión entre ambas as dúas e Xosé decide fuxir saltando pola ventá.



Cadro IV. Os soños de Faraón

No xardín do pazo, repousan nun banco o Faraón co seu Copeiro, e Xosé ao caer da ventá cae exactamente enriba deles e esperta o Faraón. Este coméntalle o seu soño e Xosé revélallo, mediante unha explicación futurista e delirante, presentándose ante eles un cadro flamenco. O Faraón, impresionado, prémiao nomeándoo vicerrei de Exipto.

Cadro V. O boi Apis!

No templo do boi Apis, dispónse a cerimonia para coroar a Xosé. Todos se prostran ante o boi Apis e gaban a Xosé como novo vicerrei.



UN SINGULAR EXOTISMO

Chulapos e chulapas, mantóns de Manila, chaquetas curtas, caraveis, pianos de manubrio... imaxes todas elas do Madrid castizo máis xenuíno e tradicional, inevitablemente erixidas como símbolos do xénero lírico español por excelencia: a zarzuela. Certo é que para o denominado *Xénero Chico*, de irresistible popularidade, estes elementos son verdadeiramente icónicos, pero a zarzuela, ao longo dos seus pouco máis de cen anos de apoxeo, transita a través dun rico catálogo de xéneros e subxéneros para os que o Madrid contemporáneo é máis a excepción ca a norma. A marcada influencia da ópera romántica do XIX déixase sentir na temática escollida para a zarzuela grande, onde o habitual son as complicadas tramas de heroicas situacións e amores imposibles entre belas damas e nobres cabaleiros, ambientadas no pasado histórico español ou en situacións remotas e novas. *Catalina (Gaztambide)*, *Los diamantes de la corona (Barbieri)*, *El molinero de Subiza (Oudrid)* ou *El reloj de Lucerna (Marqués)* atopan acomodo nas distantes costas de Finlandia, a corte portuguesa, a Navarra medieval ou no país dos Alpes, respectivamente. Unha tendencia que se radicaliza no caso das obras de inspiración oriental e fantástica, como a coñecida triloxía de Pablo Luna, con *El niño judío*, *Benamor* e *El asombro de Damasco*, ou como en *El planeta Venus de Emilio Arrieta*, onde as peripecias argumentais nos trasladan a China e, posteriormente, ao brillante astro ao que fai referencia o título. Composicións todas elas no ronsel dos relatos das mil e unha noites, pero presentadas desde a nosa propia perspectiva cultural.



O libreto de Guillermo Perrín e Miguel de Palacios para *La corte de Faraón* participa en todo momento desa dobre condición. Unha opereta bíblica, a medio camiño entre a zarzuela e a revista, que nos traslada a un Exipto faraónico no que os xestos, actitudes, expresións e ditos dos personaxes son profundamente hispánicos. É este un dos principios vertebradores do xénero da parodia, fórmula de éxito garantido cando ao texto satírico se lle engadía unha música inspirada e accesible. A caricatura burlesca das óperas, operetas e zarzuelas máis populares gozou, desde mediados do XIX, dunha excelente acollida polo público dos teatros de toda a península. Compositores especializados como Agustín Azcona, Luis Arnedo ou Ramón Estellés e outros grandes do gremio como Fernández Caballero ou Gerónimo Giménez provocaban gargalladas con *Simón es un lila (por Sansón y Dalila)*, *La venganza de Alifonso (Lucrezia Borgia)*, *Tannhäuser el estanquero (Tannhäuser)*, *El dúo de la Africana (La Africana)*, *Churro Bragas (Curro Vargas)*, *El cuñado de Rosa (El puñado de rosas)* ou *El anillo de plomo (El anillo de hierro)*. Os espectadores que contemplaban emocionados o tráxico relato das penurias de Rodolfo, Marcello, Mimí e Musetta de *La Bohème* pucciniana no Real madrileño non dubidaban en acudir a continuación ao Teatro da Zarzuela para seguir as andanzas de Sogolfo, Malpelo e Niceta, e a resurrección final da Gilí en *La Golfemia* ideada por Arnedo e Granés.

No caso de *La corte de Faraón*, a parodia é múltiple, literaria e operística ao mesmo tempo. A historia do casto Xosé, o faraón exipcio, o castrado Putifar e a súa apaixonada esposa non narra, nin máis nin menos, ca o episodio da Xénese, versificado con graza, irreverencia e picardía (aínda que de modo máis próximo ao texto orixinal das sagradas escrituras do que se podería pensar). A parodia operística atopámola na referencia inmediata á opereta de Edmond Diet, *Madame Puthipar* e, claro está, á verdiana Aída, que xa fai acto de presenza desde a elección do título italiano do primeiro cadro, Ritorna vincitor! A familiaridade dos espectadores coa historia bíblica orixinal e coa ópera de Giuseppe Verdi e, polo tanto, a súa disposición para identificar con inmediatez os acenos, dobres sentidos e referencias musicais presentes ao longo da obra son un elemento básico para comprender as entusiasmadas ovacións que acompañarían a esta obra desde a súa estrea en 1910. O outro ingrediente que contribuíu á súa espectacular fama é, sen dúbida, a acertada música de Vicente Lleó. Os pegadizos cuplés e as divertidas escenas acompañan musicalmente con gran habilidade as evocacións eróticas e os repetidos xogos de maliciosas palabras que formula o texto: "Yo seré la hiedra que tu tronco abrazaré", "No le digas a nada que no" ou o celeberrimo "Ay vámonos pronto a Judea"; versos todos eles que son historia da sicalipse lírica e que levaron a escenificar a obra no Eslava ata en 762 ocasións. Un triunfo capaz tamén de superar as dificultades impostas pola censura relixiosa e que a obrigaron a camuflarse como La bella de Texas, da man de Nati Mistral, para vencer o veto do réxime na España de posguerra.

Malia todo, esta formulación de exotismo zarzueleiro non pode esconder en ningún caso (nin o pretende) que as situacións e personaxes deste tipo de obras conservan toda a nosa idiosincrasia e o máis puro carácter autóctono. Por iso, o Xosé bíblico, baixo a óptica da zarzuela, é máis Pepe ca Xosé, por moitas túnicas exipcias coas que pretendamos vestilo. E ben que o agradecemos!

Carlos E. Pérez

21 decembro/14

Lucia di Lammermoor

Teatro Sala de Concertos Afundación
20:30 horas

venta de entradas
www.servinova.com
902 504 500

Lucia: **María J. Moreno**
Edgardo: **Miguel Borrallo**
Enrico: **Arturo Pastor**
Raimondo: **José A. García**
Arturo: **Facundo Muñoz**
Alisa: **Judith Borrás**
Normanno: **Daniel Báñez**
Coro Universitario de Vigo
Orquesta Sinfónica Vigo 430
Director: **Francisco Moya**



HEVILA CARDEÑA. Soprano

Nace en Toledo. Comeza os seus estudos musicais no Conservatorio Profesional de Música Jacinto Guerrero (piano) e na Escola Municipal de Música Diego Ortiz (canto). En 1998, diplómase en Maxisterio, na especialidade Musical, pola Universidade de Castela-A Mancha (Toledo). Seguidamente cursa os seus estudos superiores no Conservatorio Superior de Canto de Madrid e titúlase coas máximas cualificacións baixo a tutela de Carmen Rodríguez e Fernando Turina. En 2008, obtén a licenciatura de Pedagogía do Canto na Escola Superior de Canto de Madrid.

Amplía os seus estudos no Centro Universale do Bel Canto en Vignola (Italia) con Mirella Freni e Paola Molinari, na Internationale Sommerakademie Mozarteum de Salzburgo (Austria) con Edda Moser, no Taller de Interpretación Escénica con Giancarlo del Mónaco (Madrid), perfecciona e amplía o repertorio de música española con Isabel Penagos e o de lied con Miguel Zanetti.

En 2004 é premiada no Primeiro Curso de Canto Cidade de Cádiz. En 2005 recibe o premio Fundación Victoria e Joaquín Rodrigo. En 2006 é premiada no concurso de bolsas Montserrat Caballé-Bernabé Martí de Zaragoza. Tamén foi galardoada no II Premio Hispánica para novos intérpretes líricos de Madrid.

Realizou recitais de ópera e zarzuela en distintos festivais, como o de Almagro, os Palacios de Écija, Á luz dos Candeeiros de Pontevedra, Festival de Música de Palencia, tamén no XI Ciclo de Xoves Cantantes organizado por Amigos da Ópera de Madrid, no Centro Cultural da Vila de Madrid, Música nos Camiños do Ciudad en Atienza (Guadalajara), Concertos de Verán 2008 (Segóbriga), no Teatro Amaya (Madrid) etc. Xunto ao Ensemble de Saxofonistas Sinfónicos de Toledo, dirixido por Eloy Gracia, realizou xiras por diversas comunidades españolas.

Interpretou os seguintes roles: Bela Zaida en El carro de la muerte e o de Leonora en El celoso extremeño (T. Barrera); Susana en La verbena de la paloma (T. Bretón); Luísa en Luisa Fernanda (F. Moreno Torroba); Barbada en La corte de Faraón (V. LLéo), Luísa en El día de Reyes (M. Penella), Branca en El molinero de Subiza (C. Oudrid), Manoj de rosas (P. Soroza), Fiordiligi en Cosin fan tutte, e Bastiana en Bastien unt Bastienne (W. A. Mozart); Lauretta en Gianni Schicchie (G. Puccini); Lieschen en Scheigt stille, plaudert nicht (J. S. Bach), Angelo en Il sacrificio di Abramo (C. de Rossi).

Soprano invitada no espectáculo da Fura dels Baus para a conmemoración do Bicentenario dos Fusilamentos do 2 de maio.



CARLOS CROOKE. Tenor cómico

2003: Realiza o papel de Moniquito na produción de La rosa del azafrán do Teatro da Zarzuela de Madrid baixo a dirección musical de Miguel Roa e escénica de Jaime Chavarri.

2001/02: Especialízase en papeis de tenor cómico con compañías privadas, interpretando entre outros os roles de:

Casto Xosé (La corte de Faraón). Moniquito (La rosa del azafrán)
Capó (La del manojo de rosas). Gorón (La leyenda del beso)
Goro (Los claveles). Rodrigo (El huésped del sevillano). Perico (La dolorosa). Atenedoro (La revoltosa). Boni (Katiuska). Aníbal (Luisa Fernanda).

2000: Participa en calidade de actor e cantante na obra Amadeus de Peter Shaffer tanto nas representacións do Teatro Novo Apolo (Madrid) coma na posterior xira por España.

Así mesmo, participa nas representacións de El gran teatro del mundo de Calderón de la Barca na súa tempada en Madrid.

1997-1999: Participa como membro do coro e interpretando pequenos papeis nas sucesivas tempadas de ópera do Teatro Calderón (Madrid) e outras compañías privadas cun repertorio de máis de 30 títulos de ópera e zarzuela.

Ampla experiencia en repertorio coral polifónico. Tenor solista do Réquiem de Mozart no Círculo de Belas Artes de Madrid.



JUAN CARLOS BARONA. Tenor

Nacido en Bilbao, toma contacto co mundo da lírica na corda de tenores do coro da ABAO, Asociación Bilbaína de Amigos de la Ópera, ao tempo que comeza os seus estudos de canto, e chegou a obter no conservatorio as mais altas cualificacións. Pronto é solicitado por importantes agrupacións corais de Biscaia, como a Coral Ondarreta e o Orfeón Durangués, entre outros, para cantar como solista ao longo do País Vasco e Cantabria. Tras licenciarse en Dereito pola Universidade de Deusto trasládase a Madrid onde ingresa na Escola Superior de Canto. En 1966 debuta en Madrid cantando o Cardona de Dona Francisquita coa compañía de José Tamayo, papel no que obtén grandes éxitos en Valencia, Barcelona e Lisboa. Canta así mesmo diferentes títulos de zarzuelas como La Dolorosa, Loza Lozana, La Verbena de la Paloma, La del Manojito de Rosas etc. coas mellores compañías privadas. Deu concertos co Grupo Operístico de Madrid, entidade dedicada á difusión da ópera cantando por toda Europa, e destaca os concertos no Parlamento Europeo, a Embaixada de España en Londres e o Auditorio Nacional de Madrid. No ano 2001 é contrato polo Teatro Nacional de La Zarzuela para o papel do tenor na súa produción do Dúo de la Africana e na versión do desaparecido director José Luis Alonso. Despois convértese no primeiro tenor das Producións do Teatro de Baracaldo, Ases de la Zarzuela, Nieves Fernández de Sevilla e Compañía Titular del Teatro Calderón de Madrid, facendo con eles no verán do ano 2002 e dentro dos Veranos de la Villa os roles principais de Agua, Azucarillos y Aguardiente e La Gran Vía. Ao mesmo tempo é elixido para protagonista no musical El Fantasma de la Ópera, produción que compartiu con actuacións en diferentes compañías de zarzuela e ópera. Tamén ofrece concertos por toda España. Ultimamente traballou nas producións do Teatro de La Latina de Madrid.



CARMEN APARICIO. Soprano

Madrileña de nacemento, é nesta cidade e na Escola Superior de Canto onde realiza os seus estudos. A súa formación é musical, escénica e de idiomas.

Debutou no Teatro da Zarzuela da capital, coa ópera Rigoletto con Alfredo Kraus. Despois foi contratada para Sor Angélica, con Diana Soviero como interprete principal.

En 1990 entra a formar parte da Antología de don José Tamayo, viaxa por todo o mundo e comparte escenario con figuras da altura de Luis Lima, Alfredo Kraus ou Plácido Domingo.

Cantou o seu repertorio, tanto de zarzuela coma de ópera, por toda España. Participou en estreas tan importantes como a produción de ópera cómica de Madrid de La bruja de Chapí, que a estrea no festival de Oviedo e que se repetiu en Bilbao, Santander, Xerez, As Palmas etc., ou a Katiuska, en produción do Arriaga bilbaíno, que tamén xirou por diversos teatros de toda España.

Entre as súas participacións en diversas producións de ópera, destacamos unha fantástica Micaela da Carmen de Bizet, que tamén se moveu por varios teatros e onde obtivo grande éxito de público e crítica.

En setembro do pasado ano, cantou por primeira vez Mimí de La Bohème. O público en pé saudou a súa actuación e a crítica foi unánime en destacar o adecuado da súa voz para este personaxe.

Na nosa compañía, Carmen canta personaxes tan diversos como a alegre Mari Pepa de La revoltosa, a intelixente e locuaz Paloma de El barberillo de Lavapiés, ata a seria Sagrario de La rosa del azafrán ou a triste Dores de La dolorosa, co que demostra que, ademais de cantar, é unha actriz consumada.

As súas últimas aparicións cóntanse por triunfos, xa que tanto no ámbito vocal coma no escénico, os críticos máis esixentes renderonse ante as composicións que Carmen fai dos seus personaxes.



PACO RACIONERO. Actor e cantante

Obras teatrais destacables:

El sí de las niñas, dirixida por Miguel Narros.

Lysístrata, dirixida por José Luis Gómez.

Ársénico por compasión, dirixida por Ángel F. Montesinos.

El caballero de Olmedo, dirixida por Ricard Salvat.

Eloisa está debajo de un almendro, dirixida por José Osuna.

Kean, dirixida por Joaquín Vida.

La discreta enamorada, no Festival de Teatro Clásico de Almagro, dirixida por Juan Pedro Aguilar.

La gran sultana e Fuenteovejuna, coa Compañía Nacional de Teatro Clásico, dirixidas por Adolfo Marsillach.

La Gran Vía e El chaleco blanco, dirixidas por Adolfo Marsillach.

Gigantes e cabezudos e La viejecita, dirixidas por José Luis García Sánchez.

Los claveles, dirixida por Alfonso Zorro.

Usted tiene ojos de mujer fatal, dirixida por Manuel Canseco.

Noche de Reyes sin Shakespeare, dirixida por Mercedes Lezcano.

Tu y yo somos tres, dirixida por Manuel Canseco.

La decente, dirixida por M. Canseco.

Dos de Mayo, dirixida por Juan Carlos Pérez de la Fuente.

Tamén colaborou con outros dos directores máis destacados da escena española, como José Luís Gómez, Francisco Nieva, Gerardo Malla, Ricard Salvat etc. Traballou nos Estados Unidos, México, Alemaña, A Arxentina, Porto Rico, A República Dominicana, Inglaterra e Francia facendo teatro coa Compañía Teatro de Madrid, a Compañía Nacional de Teatro Clásico e a Compañía Nacional da Zarzuela.

Últimas series en televisión:

Manos a la obra, Antivicio, Una de Dos, Tío Willy, Al salir de clase, En plena forma, Hermano, Menudo es mi padre, Hermanos de leche, Los ladrones van a la oficina, Por fin solos, Querido maestro, Farmacia de guardia, Hospital central, Aquí no hay quien viva, Con un par de tacones, Arrayán. Ademais, colaborou nunha morea de programas infantís (Cometa Blanca, Gente menuda, La Mansión de los Plaff, Barrio Sésamo, Que viene Muzzy etc.), musicais e dramáticos en diferentes cadeas de televisión.

Cinema:

Murió hace quince años, Sainz de Heredia.

Cuando Almanzor perdió, Mariano Ozores.

Casting, do director Fernando Merinero Rewind, de Nicolás Muñoz.


Las cosas del querer, de Jaime Chavari.

Don Juan, mi querido fantasma, de Antonio Mercero.

Los corsarios del chip, de Rafael Alcázar.

La novia de Lázaro, de F. Merinero.

Ademais do mencionado anteriormente, Paco Racionero obtivo varios premios ao mellor actor no Festival Internacional de El Paso nos Estados Unidos, facendo La discreta enamorada e La dama duende, coa compañía Pequeño Teatro de Madrid.



ALICIA MONTESQUIU. Soprano

Alicia Montesquiú fómase inicialmente en Barcelona, no Instituto Superior de Artes Escénicas Aplicadas como actriz e na academia musical Coco Comín cantando como soprano lírica. En Madrid recibe clases da mezzo M.^a Luisa Castellanos e da soprano Inmaculada Egido, que combina con cursos de técnica de improvisación e de interpretación no Laboratorio de William Layton e con Macarena Pombo na Central de Cine. Así mesmo, perfecciona diferentes estilos co grupo de Gospel Inside Voices, dirixido por Sheilah Cuffy. Actualmente é a vocalista do grupo LaBelle que compaxina coa súa carreira como actriz.

CINEMA

The light thief, de Eva Daoud.

8, de Alberto Zafra.

Cien maneras de acabar con el amor, de Vicente Pérez Herrero. Secundario.

Bestiario, de Vicente Perez Herrero. Secundario.

Pasos de baile, de Jonh Malcovich. Elenco.

Código Natural, de Vicente Pérez Herrero. Protagonista.

El Secreto del Dr. Píalat (curtametraxe), de Andrés Gesteira.

Ley de vida (curtametraxe), de Vanessa Martínez. Protagonista.

The Walk (curtametraxe), de Tim Brower. Los Angeles. Protagonista.

La comida (curtametraxe), de Mario Durán. Protagonista.

Mientras brille el sol (curtametraxe), de Joan Guinart. Secundario.

Teatro e musical

La rumba del mundo que se derrumba. Musical de Paco Ortega. Dir. Marisa Lahoz. Teatro La Strada.

Jacinto Guerrero. Dir. Pedro Martínez. Teatro Musical Fernán Gómez.

Correr, saltar, volar. Musical candidatura Madrid 2020. Dir. Jesús Arbués. Teatro Conde Duque

¿Existe Papá Noel? De Paco Mir. Dir. Carlos Heredia. Microteatro por dinero.

Debut. Microteatro por dinero. Dir. Juanma Bajo Ulloa.

El lindo don Diego. Agustín Moreto. Verso. Dir. Denis Rafter

Doña Francisquita. Dir. Antonio Ramallo. Teatro Barakaldo.

La del manojo de rosas. Dir. Carlos Croke. Teatro Compac Gran Vía.

La corte de Faraón. Dir. Antonio Ramallo. Teatro Compac Gran Vía.

La rosa del azafrán. Dir. Pedro Martínez para la fundación Guerrero. Teatro Cuyás Las Palmas.

La del soto del Parral. Dir. Lorenzo Moncloa. Teatro Cuyás Las Palmas.

La verbena de la Paloma. Dir. Antonio Ramallo. Teatro Compac Gran Vía.

La revoltosa. Dir. Joseán García. Teatro Victoria Eugenia.

La Gran Vía. Palacio Euskalduna. Dir. Juanma Bajo Ulloa. Dir. musical Joseán Irastorza.

Marino tiene que ser. Comedia de L. F. de Sevilla.

Joan Salvat Papasseit. Dir. Lali Sanz e F. Clemente. Musical poético.

La malalta fingida. Goldoni. Dir. Pere Dausà.

SERIES

Hospital Central. Videomedia. Yo soy Bea . Grundy Pc. Genesis. En la mente del asesino. Ida y Vuelta Pc.

Cámara Café. Tiburón TV (Dir. Joan Potau). Esencia de poder. Zeppelin TV. Médico de familia. Globo

Media. Al salir de clase. Boca-Boca Pc.



ÁNEXO WALTER. Tenor cómico

Nace en Bos Aires (República Arxentina) en 1966. Realiza os seus estudos musicais no Instituto Superior de Arte do Teatro Colón (Bos Aires) e na Real Escola Superior de Canto (Madrid), complementándoos con estudos particulares de Técnica Vocal, Repertorio Lírico, Teatro, Danza, Actuación Cinematográfica e Musicoloxía. Entre os seus profesores poden citarse Delia Rigal, Horacio Soutric, Catalina Hadis e Juan Serra.

Na Arxentina, a partir de 1982 alterna actuacións en sainetes con intervencións en óperas e zarzuelas. En 1992 trasládase a España e en diferentes compañías de zarzuela participa en temporadas e xiras, encargándose dos roles comprimarios de tenor. En 1995 representa en Xapón durante un ano seleccións de comedias musicais con ambientación española.

Coa Antoloxía de la zarzuela de José Tamayo realizou xiras por España, Filipinas, Turquía e México.

Forma parte do coro titular do Teatro Real de Madrid.

No devandito coliseo interveu:

- Gala do 150.º Aniversario recitando páxinas de Don Quijote de Cristóbal Halffter.
- Agua, azucarillos y aguardiente (Serafín) nos concertos pedagóxicos que organiza a Orquestra Sinfónica de Madrid.
- L'enfant et les sortilèges (Une bête).
- La Traviata (Giuseppe).

Entre os seus últimos traballos en ópera pódense destacar:

- Madame Butterfly (Goro) en Bos Aires (T. Lassalle), Madrid (T. Calderón e C. C. Villa), Salamanca, Cidade Real, Alcorcón, Alacante, Castellón (T. Principal), Móstoles, El Escorial (T. Carlos III), Sevilla (T. Lope de Vega), Pontevedra, Vigo e Ourense (T. Principal).
- Tosca (Spoletta) en Bos Aires (T. Roma) e Madrid (C. C. Villa).
- Lucía di Lammermoor (Normanno) en Cáceres e Badaxoz.
- Il trovatore (Ruiz) en Biarritz (A Gare du Midi).

En zarzuela:

- La del manojo de rosas (Ricardo) en Cabra, Novelda e Écija.
- La corte de Faraón (Casto José) en Barakaldo, Burgos (T. Principal) e Arnedo.
- Luisa Fernanda (Aníbal) en Alacante (T. Principal) e Madrid (C. C. Villa).
- Molinos de viento (Romo) en Dos Hermanas.
- Katiuska (Boni) en Burgos (T. Principal).
- La tabernera del puerto (Ripalda) en Burgos (T. Principal) e Badaxoz.
- La calesera (Gangarilla) en Barakaldo.
- La leyenda del beso (Gorón) en Arnedo.

Alterna as súas actuacións líricas con intervencións en teatro como actor: Luces de Bohemia (Dorio de Gadex). Interveu na película da ópera El tiempo perfecto e na primeira gravación da zarzuela María Blanca de Ricardo Vidal.

Dirixiu e realizou o guión do espectáculo Acoso zarzuelero, Yo me quiero casar e dunha produción conxunta da Serva Padrona e Il Giocatore.



La Corte de Faraón

outono lírico 2014

LORENZO MONCLOA. Dirección escénica

Cando aínda é moi novo colabora con todas as compañías privadas dedicadas ao xénero lírico. En 1989 é contratado por don José Tamayo para o seu espectáculo Antología de la zarzuela.

No campo dos musicais debuta con Los miserables no teatro Novo Apolo de Madrid. É Tony en West Side Story, polo que se lle concede o premio ao actor novo máis valorado. Posteriormente virá Chicago e o musical de éxito español Estamos en el aire. Protagoniza para TVE Yola.

De novo no campo lírico, en zarzuela: Los sobrinos del Capitán Grant, Agua, azucarillos y aguardiente, Doña Francisquita e El rey que rabió no Teatro da Zarzuela de Madrid. E nas principais tempadas líricas de toda España: La Gran Vía, El barberillo de Lavapies, La alegría del batallón, Luisa Fernanda, Bohemios, Los gavilanes, El huésped del sevillano, La verbena de la paloma, Calipso etc. Ademais de Doña Francisquita no Stadt Theater de St. Gallen (Suíza) e Pan y toros na Ópera de Lausanne (Suíza).

En ópera: Salome (xudeu), L'amico Fritz (Federico), Madame Butterfly (Príncipe Yamadori e Goro), Traviata (Gaston), Rigoletto (Borsa), Don Pasquale (Notaro), Otello (Rodrigo) e a estrea en España de Curlew River (Madwoman). En teatros como o Campoamor de Oviedo, Pazo Euskalduna de Bilbao, Festival de Ópera de Tenerife, Teatro Villamarta de Xerez, Pérez Galdós das Palmas etc. Tenor invitado nos eventos para a conmemoración do Dous de Maio, dirixido por La Fura del Baus, cantando ante máis de medio millón de persoas.

Dentro do repertorio de oratorio distintas misas de Mozart e o Réquiem de Donizetti.



ENRIQUE GARCÍA REQUENA. Dirección musical

Natural de Melilla. Realiza os seus estudos musicais no Conservatorio Superior de Música de Madrid, obtén os títulos de profesor superior de Canto, profesor de Composición e profesor de Acompañamento. Recibe clases de dirección de orquestra, especializadas no repertorio zarzuelístico, do mestre Benito Lauret.

Desde hai varios anos realiza os cursos de posgraduado da Aula de Música da Universidade de Alcalá de Henares na especialidade de Dirección de Música Contemporánea cos mestres Arturo Tamayo e Josep Pons.

A experiencia de estudar e traballar coa mestra M.^a Dolores Marco, os seus consellos e a súa filosofía de vida foron determinantes na súa formación humana e artística.

Foi tenor solista durante máis de quince anos e actuou coas máis importantes compañías de zarzuela españolas. É membro por oposición do Coro Nacional de España.

Foi profesor de Harmonía e Contrapunto no Conservatorio de El Escorial de Madrid. Participou na elaboración do DVD Tiempos de música, baixo a dirección do musicólogo Jose Luis Nieto, patrocinado polo Ministerio de Educación e Cultura.

Residiu en Viena durante oito anos, onde realizou cursos de dirección de orquestra co mestre Leopold Hager e tivo a oportunidade de afondar no estudo da opereta vienesa e a súa relación musical e temática coa zarzuela española. Como director de orquestra colabora na actualidade con algunhas importantes compañías de zarzuela do país, en títulos como El barbero de Sevilla, Los Gavilanes, La tabernera del puerto, Doña Francisquita, Los claveles, La revoltosa, Gigantes e cabezudos, La verbena de la paloma, entre outros. Dirixiu unha nova versión en castelán de El murciélago de Johann Strauss no Pazo Euskalduna de Bilbao.

É o director musical do Coro e a Orquesta de Pulso e Púa da Universidade Complutense de Madrid e da rondalla lírica de Madrid Manuel Gil.

Ultimamente montou o espectáculo Antología de la zarzuela (coro, solistas, arranxos musicais, revisión e edición de partituras etc.) dirixíndoo nunhas cidades españolas entre as que cabe destacar Xixón (Laboral), Logroño e Alacante (praza de touros ante 4000 espectadores).

Participou na montaxe de coro, orquestra e como asistente á dirección musical nunha función extraordinaria da Antología de la zarzuela en Doha (Qatar), coa participación de Plácido Domingo e a Orquesta Filharmónica de Qatar.

Na súa faceta de compositor realizou algúns traballos para radio e televisión e ultimamente estreou o Coro Nacional de España a súa obra Besos de Valonsadero, dedicada á cidade de Soria. Outra faceta que hai que ter en conta deste polifacético artista é como cantante de boleros e música melódica latina, é o fundador do grupo Bolería Fina (con 20 anos de existencia) e foi durante algúns anos a primeira voz do lendario Trío Siboney. Tamén actúa como cantante de boleros en solitario baixo o pseudónimo de Bob Balan.



Apellidos: _____

Nome: _____

DNI: _____

Domicilio _____

Rúa: _____

nº: _____ Piso: _____ Código Postal: _____

Localidade: _____ Provincia: _____

Teléfono: _____ Correo electrónico: _____

Cubrir e remitir por correo ao apartado de correos 324 de Vigo ou escanear e enviar a info@amigosoperavigo.com

**+más
cocina®**

la Cocina que buscas!

www.mas-cocina.es

**+ más
electros**

your internet kitchen store

www.maselectros.com



COLOMBINI CASA

Diseño italiano accesible





Amigos
de la Ópera
de Vigo
outono lírico 2014

ÓPERA en Vigo

8 novembro/14

La Corte de Faraón

Teatro Sala de Concertos Afundación
20:30 horas

venta de entradas
www.servinova.com
902 504 500



21 decembro/14

Lucia di Lammermoor

Teatro Sala de Concertos Afundación
20:30 horas



11 xaneiro/15

Guillermo Tell

Teatro Sala de Concertos Afundación
12:00 e 18:00 horas



ÓPERA
INFANTIL

CONFERENCIAS

ENTRADA LIBRE

28 outubro/14

"A Ópera. Modelos internacionais de xestión"

Joan Matabosch (Director Artístico Teatro Real).

11 novembro/14

"Kathleen Ferrier: sentido e sensibilidade. A contralto que fixo chorar a Bruno Walter"

Arturo Reverter (Crítico de Radio Nacional de España) & Victoria Stapells (Crítica Revista Ópera).

18 novembro/14

"Gluck"

José Luis Téllez (Crítico e Musicólogo).

25 novembro/14

"Desmitificando a Strauss"

Silvia Pujalte (Autora do blog "Liederabend").

16 decembro/14

"Mesa redonda: Lucia: o desexo e a morte"

Membros do elenco de Lucia di Lammermoor, Carolina Moncada (Directora de Escena), Francisco A. Moya (Director Musical), Carlos E. Pérez (Pianista), Daniel Diz (Asociación Amigos de la Ópera de Vigo).

13 xaneiro/15

"As últimas óperas de Rossini: de Semirámide a Guillermo Tell"

Pedro Pablo Gutiérrez (Presidente Asociación Amigos de la Ópera de Vigo).

Sala de Conferencias Centro Social Afundación

20:30
horas

+ info:

www.amigosoperavigo.com



MECENADO
femxa
Grupo
generamos empleabilidad

+más
cocina
"la cocina de todos"

COLABORAN
//Afundación
Universidade de Vigo

PATROCINAN

CONCELLO
DE VIGO



Deputación
Pontevedra

XUNTA
DE GALICIA